

Referencia:	<b>2023/11590W</b>
Procedemento::	<b>Relaciones de Puestos de Trabajo</b>
Interesado:	
Representante:	
<b>NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (504)</b>	

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Modificación da Relación de Postos de Traballo no relativo ao persoal eventual. Mandato 2023-2027.

Segundo dispón o artigo 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato, engadindo que o nomeamento e cesamento destes empregados públicos é libre e corresponde ao presidente da entidade local correspondente, e que cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento. Ademais os referidos nomeamentos deberán ser obxecto de publicación no «Boletín Oficial» da Provincia.

Pola súa banda, o artigo 104 bis da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, introducido pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, limita o número de dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual, establecendo para as Deputacións provinciais que devandito número de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual, será o mesmo que o do tramo correspondente á Corporación do Municipio máis poboado da súa provincia, polo que o número máximo de postos permitido para a Deputación Provincial de Ourense é de vinte e sete (27), pola remisión do artigo 104 bis 1 letra f).

No uso da potestade de autoorganización desta Deputación Provincial, propónse a modificación do actual cadro de persoal eventual, coas seguintes características:

- Coa finalidade de afondar no dereito á participación política, auméntase o número de postos destinados aos grupos políticos provinciais, coa conseguinte redución nos postos a disposición do Gabinete da Presidencia.
- No persoal ao servizo dos grupos políticos respéctase a proporcionalidade consonte coa súa representatividade na corporación provincial, cos seguintes matices. En primeiro lugar, o posto de coordinador de grupo político existe unicamente no grupo provincial do PP, por ser o

máis numeroso. O grupo de DO dótase cun posto máis que o grupo do BNG, aínda tendo os dous o mesmo número de deputados e deputadas provinciais (3). A xustificación desta diferenza ven dada polo número de dedicacións exclusivas de ámbolos dous grupos, xa que segundo as Bases de execución do orzamento, o grupo do BNG ten dúas (2) dedicacións exclusivas, e o de DO ten unha (1) dedicación exclusiva.

- No que se refire ás contías brutas das súas retribucións, tómanse como referencia postos base do cadro de persoal funcionario con idéntico grupo, subgrupo e nivel de complemento de destino e específico.

- As ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe que se fixe, no seu caso, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e que sexan de aplicación para o persoal funcionario da Deputación Provincial.

O nomeamento do persoal eventual para os postos adscritos ao gabinete da Presidencia corresponde á Presidencia provincial mediante resolución. O nomeamento do persoal eventual para os postos adscritos aos grupos políticos, farase previa proposta vinculante dos respectivos voceiros/as, e resolución de nomeamento da Presidencia nun prazo máximo de tres (3) días hábiles desde a presentación da proposta no rexistro xeral electrónico provincial.

De conformidade coa lexislación aplicable, o persoal eventual só poderá realizar funcións cualificables como de confianza ou asesoramento especial, e, en todo caso, as súas funcións débense realizar ao servizo dos intereses xerais. Para os efectos previstos neste acordo, enténdese por funcións de confianza ou asesoramento especial aquelas nas que concorran as seguintes circunstancias: asesoramento vinculado ao desempeño e formulación de estratexias e propostas de actuación ou difusión no ámbito das competencias da autoridade que efectuou o nomeamento, ou apoio que supoña unha colaboración de carácter reservado, que se trate de función non reservadas a persoal funcionario e que se presten con especial dedicación e dispoñibilidade horaria.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente, proponse que por parte do Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación inicial da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, no relativo ao persoal eventual, no seguinte sentido:

Na Área de Presidencia, modifícanse a determinación 2ª e 3ª no relativo ao persoal eventual, quedando establecidos os postos do dito persoal nos seguintes termos:

## **RPT DE PERSONAL EVENTUAL (27 POSTOS)**

### **2º) Gabinete de Presidencia: (13 POSTOS)**

*1 Xefe/a do Gabinete da Presidencia, Persoal Eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 27. Retribución bruta anual: 52.102,26 €. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

*1 Asesor/a de Comunicación da Presidencia, Persoal Eventual asimilado ó Grupo A1. Nivel 27. Retribución bruta anual: 52.102,26 euros. Posto singularizado. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

*1 Asesor/a Técnico/a da Presidencia en política físico-deportiva e recreativa. Persoal Eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 25. Retribución bruta anual: 46.955,16 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

*1 Asesor/a de Proxectos Estratéxicos da Presidencia, Persoal Eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 26. Retribución bruta anual: 46.955,16 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

*4 Asesor/a de Presidencia. Persoal eventual, asimilado ó grupo A2. Nivel 22. Retribución bruta anual: 43.639,54 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

*5 Administrativos de Presidencia: Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 32.662,70 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

### **3º) Persoal ó servizo dos grupos políticos: (14 POSTOS)**

#### **Grupo Popular (5):**

*1 Coordinador de Grupo Político: Persoal eventual, asimilado ó grupo A1. Nivel 27. Retribución bruta anual: 46.954,60 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

**1 Asesores Políticos de Grupo:** *Persoal eventual, asimilado ó grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 43.611,43 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

**3 Administrativos de Grupo Político:** *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 32.662,70 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

**Grupo do PSdG-PSOE (4):**

**3 Asesor Político de Grupo:** *Persoal eventual, asimilado ó grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 43.611,43 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

**1 Administrativos de Grupo Político:** *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 32.662,70 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

**Grupo de Democracia Ourensana (3):**

**1 Asesor Político de Grupo:** *Persoal eventual, asimilado ó grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 43.611,43 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

**2 Administrativo de Grupo Político:** *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 32.662,70 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

**Grupo do BNG (2):**

**2 Administrativo de Grupo Político:** *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 32.662,70 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno.

En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor, con efectos desda data.

